

# DETROIT

[Kathryn Bigelow, 2017]

# 283

ESTREA EN NUMAX: 15.09.2017 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

Detroit (2017, 143')

**Dirección:** Kathryn Bigelow

**Guión:** Mark Boal

**Elenco:** John Boyega, Jack Reynor, Hannah Murray, Anthony Mackie, Will Poulter, Jacob Latimore, Jason Mitchell, Kaitlyn Dever, John Krasinski

**Son:** Ray Beckett

**Montaxe:** William Goldenberg, Harry Yoon

**Fotografía:** Barry Ackroyd

**Dirección de arte:** Greg Berry, Jim Wallis

**Vestuario:** Francine Jamison-Tanchuck

**Música:** James Newton Howard

**Productoras:** Annapurna Pictures, First Light Production (Estados Unidos)

**Distribuidora:** eOne

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*La noche más oscura*

(*Zero Dark City*), 2012

*En tierra hostil*, 2008

*K-19: The Widowmaker*, 2002

*El peso del agua*, 2000

*Días extraños*, 1995

*Le llaman Bodhi*, 1991

*Los viajeros de la noche*, 1987

## SINOPSE

Filme ambientado durante os disturbios raciais que sacudiron a cidade de Detroit, no estado de Michigan, en xullo de 1967. Todo comezou cunha redada da policía nun bar nocturno sen licenza, que acabou converténdose nunha das revoltas civís máis violentas dos Estados Unidos.

«Unha obra mestra que indaga no noso pasado violento. Bigelow sóltanos no centro dun suceso histórico brutal para que poidamos velo e sentilo por nós mesmos»

Peter Travers, ROLLING STONE



## “O racismo sistémico debe ser amosado para que asumamos as nosas responsabilidades”

Entrevista con Kathryn Bigelow

Por Emanuel Levy

**Es a única muller da historia en gañar un Oscar á mellor dirección, con *En terra hostil* (2008) e ademais o teu seguinte filme, *La noche más oscura* (2012), foi nomeado a mellor longametraxe. Como foi a túa implicación no proxecto?** Coido que foi

a comezos de 2015 cando Mark [Boal], o meu guionista, me falou da historia do Motel Algiers e as súas similitudes cos disturbios que estaban a ter lugar en Ferguson, Missouri. Era un momento extremadamente emocional e ao escoitar esta historia tan impactante acontecida 50 anos atrás pensei que era totalmente contemporánea e actual. Aí comezou o ímpeto de, cando menos, comezar a ter conversas coa xente que viviu aquilo para entender o que pasou e iniciar o guión. Aí comezou todo.

**Quen debera contar esta historia?**

É unha gran pregunta e esa foi unha das miñas primeiras dúbidas. Honestamente pensei, son eu a directora ideal para contar isto? A resposta era que non, pero tamén sabía que era unha historia que precisaba ser contada e eu podía facelo. Ao mesmo tempo sentía que a cuestión

racial debía ser meditada, que o racismo sistémico debe ser amosado para que asumamos as nosas responsabilidades. Daquela decidín que o máis importante era contar aquela historia, o que fixo desaparecer calquera outra dúbida.

**O reparto é maiormente británico.**

Tamén hai un actor australiano e outro de Irlanda. Simplemente pensei no seu enorme talento individual. E si, o filme ofrece unha ampla gama de procedencias, mais eu simplemente pensei na súa capacidade para actuaren e se o seu acento natural non se axeitaba procuramos varialo a través da interpretación. Mais a actuación é o que realmente me leva a decantarme por un actor ou outro.

**Existe un libro sobre este asunto...** Non fun quen de acadar os dereitos. Era desexo do seu autor, xa falecido, que este libro en particular non se adaptase ao cinema. Realmente hai moitísimo material de investigación sobre as revoltas de Detroit e o que aconteceu no Motel Algiers. No Detroit Free Press, un diario realmente magnífico, houbo catro xornalistas que gañaron o Pulitzer polas súas reportaxes sobre a rebelión. Daquela foron uns eventos moi ben cubertos. Isto achegounos un traballo de investigación previo á construción dos personaxes, así como importante material de arquivo, imaxes, fotos da escena do crime... Coñecín tres testemuñas, Melvin Dismukes, Billy Hisel e Larry Cleveland Reed, especialmente elocuentes á hora de describir as súas experiencias e as consecuencias da traxedia. Esos relatos tan específicos foron especialmente motivadores.

**Quen era Melvin Dismukes?** Dismukes é o garda de seguridade, encarnado por John Boyega, que traballaba na tenda de ultramarinos que se atopaba na mesma rúa do Algiers. El foi unha das primeiras persoas que, canda a Garda nacional e a Policía de Detroit, entraron no Motel, na procura da arma que foi responsábel do tiroteo.

**Que nos podes contar do personaxe de Julie?** É unha moza morena interpretada por Hannah Murray, que tamén se atopaba alí e que respondeu á traxedia con gran fortaleza. Murray estivo todo o tempo comigo no set, era quen de repetir cada secuencia unha e outra vez e 9 de cada 10 veces saíalle á perfección. Esa capacidade de implicación é moi importante para min. E logo están os personaxes de Melvin e Larry, moi afectados por estes acontecementos, tanto física, como emocional e espiritualmente, un decátase cando pasa un tempo con eles. Non creo que sexa posíbel pasar por unha experiencia coma esa e ficar indemne.

**E os axentes de policía?** Dous deles xa morreron. A reportaxe e a investigación relátanse desde o punto de vista das vítimas. Hai unha chea de testemuños do xuízo e as súas voces están aí. A través das actas xudiciais, documentos, transcricións, gravacións, e o *Freedom of Permission Act Request*. Tiña, por tanto, un amplo material sobre o que pescudar que conformou a columna vertebral de todo o filme.

Publicado en <http://emanuellevy.com/>  
 Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

*En terra hostil*, Kathryn Bigelow. Emon [DVD]

*La noche más oscura / Zero Dark City*, Kathryn Bigelow. Universal [DVD]

*I Am Not Your Negro*, James Baldwin & Raoul Peck. Vintage, 2017

*Moonlight*, Barry Jenkins. Cameo [DVD]

*Loving*, Jeff Nichols. Vertigo [DVD]

*Democracia de la abolición*, Angela Davis. Trotta, 2016

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
 Concepción Arenal, 9 baixo  
 15702 Santiago de Compostela  
 TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

Ven todos os días ao cinema por 4,5 €

# A BÓ NA TE

E consegue máis vantaxes.  
 Infórmate en [www.numax.org](http://www.numax.org)

NUMAX